

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E O JUDO CLUB CAMBRE PARA A PROMOCIÓN DO JUDO

Na Casa Consistorial do Concello de Cambre, o 14 de decembro de 2016,

REUNIDOS:

Dunha parte, Don OSCAR A. GARCÍA PATIÑO, alcalde do Concello de Cambre, en representación legal que deste lle confire o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da outra, Don JACOBO NAVEIRA FILGUEIRAS, con DNI 32.823.238F, Presidente do Judo Club Cambre, actuando en nome e representación deste club deportivo con CIF G-70133665 e núm. de Rexistro na Xunta de Galicia C-09496 con sede en Cambre, rúa Anxel Fole nº1- 4ªA, 15679 O Temple- Cambre.

Ante min, Dona MARIA LUISA DE LA RED AMPUDIA , secretaria xeral deste concello, en cumprimento da resolución ditada pola alcaldía do pasado 13 de decembro de 2016, tendo en conta o establecido no artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e artigo 1255 do Código Civil, formalizan o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN:

1.- Que en cumprimento das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte, conforme se estipula no artigo 25.2 apartado I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, artigo 8, apartado 1) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e artigo 80.2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2.- Considerando que o Concello de Cambre carece de persoal suficiente e os medios necesarios para abarcar coas súas propias posibilidades todas as especialidades deportivas e á totalidade da poboación.

3.- Considerando que o Judo Club Cambre, é unha entidade deportiva, sen ánimo de lucro, con sede social en Cambre, constituída para a promoción deste deporte, e como tal, está adicada ao fomento da práctica do judo, á participación en competicións federadas, ao ensino e formación de deportistas deste concello e á organización de eventos, actividades deportivas e de participación cidadana.

4.- Considerando que o Judo Club Cambre, está a organizar escolas deportivas de judo dentro do noso concello e que ten especial adicación á promoción do deporte de base.

5.- Considerando que no orzamento municipal aprobado para o ano 2016 figura consignada unha subvención nominativa de importe 1.800,00 euros, na aplicación orzamentaria "2016 341 48909 Judo Club Cambre".

6.- Tendo en conta que a devandita entidade declara neste acto, encontrarse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, fiscais e coa seguridade social que se derivan da súa actividade.

Sobre a base do exposto, a concellería de Cultura, Deportes e Mobilidade, considera necesaria a formalización dun convenio de colaboración, para que mediante a coordinación dos recursos e esforzos das partes asinantes se promova a práctica do judo entre os nosos veciños, e en especial dos máis novos, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: COMPROMISOS DO JUDO CLUB CAMBRE

O Judo Club Cambre adquire os seguintes compromisos:

1º) Organizar e ofertar unha escola deportiva de judo segundo as seguintes condicións:

Nº Prazas: 20-25 alumnos por grupo

Grupos: 1- 2

Idades: de 5 a 11 anos

Periodicidade: 9 meses ao ano durante un mínimo de dúas horas semanais.

2º) Participar nas competicións federadas cos nenos destas escolas de iniciación, asumindo todos os custos derivados da participación nesas competicións: inscrición dos deportistas, pagamento de mutualidades, gastos de arbitraje, material deportivo, desprazamentos, etc., e do persoal técnico necesario para a participación destes equipos nas competicións federadas.

O persoal contratado polo Judo Club Cambre, necesario para o cumprimento de todos os compromisos sinalados neste Convenio, non terá vinculación laboral co concello de Cambre.

3º) Organizará en coordinación co Concello de Cambre as seguintes actividades deportivas, asumindo os custos que destes se deriven:

- Pase de grado para os alumnos das escolas de judo dando acceso aos alumnos doutras escolas de Cambre (concello, ANPAS...)
- Escola de judo de verano durante os meses de xullo e agosto (un día á semana para a preparación do pase de grado)

4º) O Judo Club Cambre participará nos eventos e actos públicos que lle demande o concello de Cambre e que permitan as normas federativas.

5º) O concello poderá propoñer o nome co que figurarán inscritos os equipos nas competicións que teñan que representar ao concello. En calquera caso, e en todas as competicións, entrevistas, roldas de prensa... nas que participen os xogadores, técnicos, directivos, deberá facerse mención ao concello de Cambre como entidade colaboradora.

6º) O equipamento deportivo que se adquira deberá constar gravado o nome e anagrama do Concello de Cambre.

Cando o importe percibido con cargo ao presente convenio, alcance á totalidade do orzamento anual do Judo Club Cambre, este lucirá exclusivamente o anagrama do concello.

7º) O Judo Club Cambre queda obrigado a realizar un seguro de responsabilidade civil para a cobertura das actividades que se realicen ao abeiro deste Convenio de ata 150.000,00 euros, manténdoo vixente durante toda a duración deste, así como a mutualidade deportiva ou seguro de accidentes deportivos de todos os deportistas e cadro técnico.

8º) O Judo Club Cambre deberá someterse ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello realicen, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida.

9º) Presentará, antes do 20 de decembro de 2016, os documentos acreditativos da realización dos compromisos deste Convenio e da aplicación dos fondos recibidos que se detallan a continuación:

- a) Memoria anual das actividades que se realizaron durante a tempada.
- b) Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
Cando as actividades fosen financiadas, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- c) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.
A entidade deberá contar cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos á actividade obxecto de financiación no presente convenio, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.
- d) Memoria anual da xestión económica da entidade deportiva do ano 2015, aprobada pola entidade.
- e) Facturas orixinais ou copias debidamente compulsada do gasto realizado na tempada, que respondan á natureza da actividade subvencionada, e por importe mínimo de 2.000,00 euros, tendo en conta que o coeficiente de financiación establecido no presente convenio é do 0,9.

*Se non se xustifica totalmente o orzamento subvencionado de 2.000,00 euros, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención se cumpriu, o importe inicialmente concedido reducirase mediante a aplicación do coeficiente efectivamente xustificado. Entendese que a finalidade básica da subvención se cumpriu se se realizou, alomenos, o 75 por 100 das actividades previstas e presupostadas no convenio. En caso contrario, entenderase que a finalidade

básica non se cumpriu, polo que non se aboará cantidade ningunha, sen prexuízo das posibles sancións ou reintegros que resulten de aplicación.

Para os efectos de acreditar ante este concello o destino dos fondos recibidos, os pagos deberán realizarse a través de entidade financeira, salvo os de escasa contía, que poderán realizarse en efectivo (sempre e cando se xustifique a imposibilidade de efectuar o aboamento por distinto medio de pago). Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo o calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e perceptor dos fondos. Deberá acreditarse o pagamento dos gastos a través de xustificante bancario, o cal será obrigatorio, unha vez aboada a subvención, se así lle fora requirido.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 30.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de presentarse fotocopias, antes de facer a copia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do concello de Cambre.

No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.

Se considerarán gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, e teñan relación directa co obxecto que se subvenciona. Non se consideran gastos subvencionables os importes aboados ao concello de Cambre en concepto de tributos ou demais ingreso de dereito público.

Os gastos de desprazamentos deberán presentarse como "liquidación de indemnizacións en concepto de desprazamento", debendo axuntar documentación complementaria que acredite que as liquidacións se corresponden coa actividade subvencionada (certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, ademais de trípticos, calendarios de actividades/competicións, certificacións de asistencia..., acreditativos da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións). Nas liquidacións deberán constar obrigatoriamente os seguintes datos: as datas do/s desprazamentos e os quilómetros percorridos, o lugar de inicio e destino de cada un dos desprazamentos, así como o motivo do desprazamento.

Finalizado o prazo sen que a entidade presentase a documentación xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio, o departamento de Deportes requiriralle para que no prazo improrrogable de quince días, presente a xustificación correspondente. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións,

SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO DE CAMBRE

1º) O concello financiará a organización, coordinación e xestión das actividades que se recollen no presente convenio, durante o ano 2016, cunha achega anual de mil oitocentos euros (1.800 euros), logo da achega por parte do Judo Club Cambre, dos documentos acreditativos do cumprimento do convenio sinalados no apartado 9º) da cláusula primeira

De no ser posible o recoñecemento da obriga a prol da entidade no exercicio 2016, a achega municipal quedará condicionada á existencia de crédito no orzamento xeral do exercicio 2017.

Establécese un coeficiente máximo de financiamento do 0,9 do custo do obxecto a subvencionar segundo o establecido polo 32 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

A suma das cantidades percibidas ou comprometidas por parte doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade non poderá ser superior ao custo das actividades obxecto do convenio. Neste suposto reduciríase proporcionalmente a achega municipal.

A entrega destas cantidades está condicionada á realización efectiva de todas as actividades e torneos previstos, de forma que se durante o período de vixencia do convenio, se reducise significativamente a actividade deportiva revisárase a contía da contribución por tempada, conforme aos gastos que realmente se xeren dentro do marco do convenio de modo que, para o caso de que algunha das actividades prefixadas non se chegase a realizar, o Concello de Cambre deducirá, da contribución correspondente a ese período, o custo da devandita actividade. En todo caso a entidade terá que xustificar a realización do 75 por 100 das actividades previstas e presupostadas no convenio, para entender realizada a finalidade básica da subvención, tal e como se regula no apartado 9 da cláusula primeira do presente convenio.

2º) Cederá gratuitamente as instalacións deportivas necesarias para o desenvolvemento das actividades e competicións incluídas neste convenio.

3º) Coordinará a utilización das instalacións deportivas así coma calquera outro material ou equipamento municipal e fixará os días e os horarios para a súa utilización.

4º) Colaborará na promoción e difusión das actividades organizadas polo Judo Club Cambre para o cumprimento do convenio.

TERCEIRA: REINTEGRO DE FONDOS

Establécese a obriga por parte do Judo Club Cambre de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e xustificación da achega municipal e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración subscríbese cun período de vixencia anual que comprende o ano 2016.

QUINTA: OUTRAS DISPOSICIÓNS

Para o non previsto neste convenio será de aplicación o disposto no título V das bases de execución do orzamento de 2016, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

SEXTA: CONFORMIDADE COAS CLÁUSULAS

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade ao contido das cláusulas expostas no corpo do presente escrito, comprometéndose ao cumprimento de cantas obrigas se deriven ata o seu total cumprimento e finalización.

SÉTIMA: EIDO DE APLICACIÓN

O presente convenio queda fóra do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, en virtude do disposto no artigo 4.1 d) do citado corpo legal, sen prexuízo da aplicación dos principios da lexislación contractual para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar, ao abeiro do establecido polo art. 4.2 da Lei.

Non obstante este convenio ten carácter administrativo quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

OITAVA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PUBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

E para que así conste para todos os efectos que legalmente procedan, e unha vez lido integralmente este documento, os outorgantes afirmanse e ratifícanse no exposto, asinando en triplicado exemplar e para un único efecto ante min, secretaria, que dou fe.

O Concello de Cambre
* O Sr. A. García Patiño

Ante min,
A secretaria

O Judo Club Cambre
* Jacobo Naveira Filgueiras